

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Outeiro de Rei para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Suxestión dirixida ao Concello de Outeiro de Rei para que se realicen as actuacións necesarias a fin de comprobar as deficiencias expostas polo reclamante no seu escrito de queixa, procedendo, no s caso, ao arranxo das mesmas.

Expedientes N.9/Q/ 11263/22

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX, en relación á falta de resposta a escritos presentados referidos ao mal estado da vía de acceso á súa vivenda no Concello de Outeiro de Rei

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Con data 11 de novembro de 2022, XXX presenta escrito de queixa ante a Valedora do Pobo, no que, esencialmente, fai constar o seguinte:

- 1. El 20-agosto-2020, presenté escrito en el Concello de Outeiro de Rei (Lugo) solicitando el arreglo y asfaltado del camino local — pista, de titularidad municipal y que da acceso, entre otros, a mi domicilio, detallando una serie de deficiencias (Numero de registro 2477 de 20-8-2020), sin que el citado Concello NUNCA RESPONDIERA a la solicitud, (incumpliendo lo dispuesto en el art. 21 de la L.O.39/2015 de 1 de octubre de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Publicas) ni, por supuesto, diera solución a los problemas mencionados.*

*Es de destacar que, en un asfaltado anterior, realizado hace unos años, quedaron varias zonas del camino local sin asfaltar, a pesar de ser avisado el alcalde del municipio, de forma verbal, cuando se realizaban las obras.*

- 2. El 25-junio-2021 reiteré mi solicitud de asfaltado del camino local mencionado (número de registro del Concello 2300 de 25-6-21) añadiendo además la existencia de aguas pluviales que discurrían por el citado camino, sin recoger ni*

*canalizar y que arrastraban, piedras, gravilla, tierra, etc. y que dificultaban tanto el tráfico rodado como de personas, siendo consciente el alcalde del municipio que lo comprobó en situ, tal y como recojo en mi escrito.*

*Ante esta reiteración, el Concello siguió sin responder a mis solicitudes, a pesar de haber solicitado expresamente que se contestara en plazo a dicha petición*

*3. Aproximadamente en el mes de febrero del año en curso, por el citado Concello se abre zanja en el citado camino local, a efectos de proceder al enganche de suministro de agua potable a mi domicilio, procediendo a tapar dicha zanja con "zahorra" y sin que, a día de la fecha, se haya procedido a asfaltar la zanja, (agravando el estado de conservación, que ya era malo, por la existencia de piedras sueltas, más gravilla etc) siendo posiblemente el único lugar del municipio donde después de este tipo de obra (conexión a la red de agua potable, saneamiento etc) no se ha realizado el correspondiente asfaltado.*

*Es de destacar que posteriormente (en primavera - verano) se ha procedido, en otras zonas de la misma parroquia de Guillar, a la realización de obras de saneamiento, donde sí se han asfaltado todas las zanjas que se tuvieron que abrir, quedando las mismas en condiciones, cuanto menos, aceptables.*

*4. Asimismo, cuando llueve y, al no realizar obras para la recogida de las aguas pluviales, que discurren por el citado camino y pistas adyacentes, se agrava la situación de conservación del camino, con el consiguiente peligro para el tráfico de vehículos y personas, incumpliendo las competencias atribuidas a los municipios en los art. 25 y 26. P de la L.O. 7/85 de 2 de abril Reguladora de las Bases de Régimen Local*

*Por todo lo expuesto se SOLICITA el amparo de esa institución y se inste de FORMA URGENTE al Concello de Outeiro de Rei a solucionar todas las deficiencias relacionadas.*

*Se adjuntan planos de situación del camino local, plano ampliado de las zonas que quedaron sin asfaltar, así como una fotografía del estado del camino y de cómo discurren las aguas pluviales, y copia de mis solicitudes anteriores*

**SEGUNDO.**- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaban, requirindo o preceptivo informe a ese concello, que xa nolo remitiu e no que, esencialmente, se de manifesto o seguinte:

*Con base en la queja presentada, se informa de que se están realizando reparaciones de forma periódica de las carreteras y accesos que están en malas condiciones . En cuanto se tiene conocimiento de que una carretera está en deficiente estado de conservación por la existencia de un bache o similar circunstancia, en cuanto las disponibilidades presupuestarias y de personal lo permiten, se actúa.*

Por todo o exposto, tendo en conta o escrito presentado polo reclamante e o informe remitido por ese concello, cómpre facer as seguintes

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.**- Nete expediente plantéxanse dúas cuestións:

1º.- Falta de contestación por parte do concello a escritos presentados polo reclamante.

2º.- O asfaltado e arranxo dun camiño .

1º.- Respecto da primeira das cuestións plantexadas , cómpre destacar o seguinte:

-O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Se a persoa interesada utiliza o **dereito de petición ante o concello**, este ten a **obriga de acusar recibo** de cada petición que presente comunicándollo ao interesado dentro dos dez días seguintes á súa recepción.

No caso de que proceda a **declaración de inadmisibilidade do pedido**, tal decisión será **sempre motivada** e deberá acordarse e **notificarse ao petionario** nos coarenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.

Se o concello considera que o **contido dalgún escrito presentado non atopa encaixe no dereito de petición**, entón a declaración de inadmisión da petición **deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo amparo deba sustanciarse**. Nestes casos os escritos serán tramitados, en principio e con carácter xeral, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente ( artigo 21 da citada Lei 972015 ).

Destacar tamén que cando o interesado presente **un escrito solicitando que se lle facilite unha determinada información municipal que obra nos arquivos ou rexistros do concello**, está exercendo o dereito contemplado no **artigo 13 d) da xa referida Lei 39/2015, así como nos artigos 12 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e nos artigos 207 e 231 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro**.

-En calquera caso a **Administración está obrigada a responder** ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle **unha resposta por escrito** que ademais sexa unha **reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada** ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo **con prontitude e sen demoras inxustificadas**.

2º.- Respecto da cuestión de fondo, o asfaltado e arranxo dun camiño, compre destacar o seguinte:

- **A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25 establece que:**

*1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.*

**2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:**

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*

- **O artigo 26 do mesmo texto legal** establece tamén que:

1. *Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

a) ***En tódolos Municipios: alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.***

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, é necesario facer chegar a ese Concello de Outeiro de Rei o seguinte:

### **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**

*Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

E a seguinte:

### **SUXESTIÓN**

Que por parte do concello se realicen as actuacións necesarias a fin de comprobar as deficiencias expostas polo reclamante no seu escrito de queixa, procedendo, no seu caso , ao arranxo das mesmas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legaise da suxestión formulados, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo

razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado dixitalmente)